

**D**a comezo a sesión da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ás 12:45 horas na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso en primeira convocatoria.

**Asistentes:**

**PDI**

Bergantiños Cid, Gustavo; Castro Fernández, Ana Esther; De Miguel Palacios, Carlos Juan; Falagán Mota, Jorge; González Martínez, Xosé Manuel; González Savignat, M<sup>a</sup> del Mar; Lorenzo Alonso, Pedro; Lorenzo Picado, Leticia; Roca Pardiñas, Javier; Vázquez Pampín, Carmen

**Alumnado**

Rodríguez Pérez, Carla.

**PAS**

Nieto Rodríguez, Ángel

**Desculpan a súa ausencia:**

**PDI**

Garza Gil, María Dolores; Vila Alonso, Mercedes

**Alumnado**

Álvarez Moreira, José Ángel; Vidal Brea, Jonathan

**Punto 1:**

**Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (6 de xullo e 15 de xullo).**

Neste punto Jorge Falagán fai un apuntamento sobre o feito de que Mercedes Vila plantexa unha modificación (texto en negrita e cursiva) no 4º párrafo do 6º punto da Acta do 6 de xullo de 2021:

Sen ter recibido a notificación formal desta queixa o Decano elaborou un documento *para esta comisión permanente, e que lee no transcurso desta reunión, onde se recolle de xeito resumido que...*

Ante esta proposta o Decano explica que o documento non se elaborou para a Comisión Permanente. Era un documento que estaba en proceso de elaboración porque a Valedora Universitaria informounos da posibilidade de que fora presentado un recurso. Este foi o motivo polo que se leron certas partes dese documento na C.P., de feito explica que todo isto pódese comprobar na grabación da sesión de dita Comisión. O documento non se leu íntegro porque no estaba destinado para esa Comisión Permanente.

Por este feito Jorge Falagán propón manter a proposta da acta neste párrafo.

**Como non hai opinión en contra mantéñse a redacción da Acta no 4º párrafo do 6º punto.**

Hai una segunda proposta de modificación da Acta do 6 de xullo que tamén atañe ao 6º punto, neste caso a modificación proposta tamén por Mercedes Vila ten que ver coa redacción do 7º párrafo do mesmo (texto proposto por Mercedes Vila en negra e cursiva):

Este Decanato presenta diferentes opcións de horarios que solucionan *mediante un cambio no POD do departamento* o problema de conciliación e acordos aos criterios anteditos.

Respecto a esta solicitude de modificación, Jorge Falagán entende que de aceptala habería que engadir, ademais do que recolle o texto achegado por Mercedes Vila, a seguinte expresión: *"que non afectaría nin ás materias asignadas dos PDI afectados nin ao número de horas asignadas nas devanditas materias"*.

Este párrafo queda **APROBADO** con esta redacción final.

A terceira proposta de modificación ten que ver co seguinte texto que tamén afecta ao punto 6º da acta do 6 de xullo de 2021 no que se solicita:

*"creo convinte solicitar que o documento ao que se fai referencia debe adxuntarse á acta da Comisión Permanente incluíndo esas propostas/opcións de horarios"*.

Jorge Falagán manifesta que como o documento xa está en Secretaría Xeral non ve ningún inconveniente en engadilo aquí. En calquera caso non sabe se sería lóxico achegalo a unha Acta dunha Comisión Permanente anterior que se trae para a súa aprobación. Por todo isto solicita que non se achegue á mesma.

Carlos Ferro pide a palabra e manifesta a súa vontade de absterse na votación porque non estivo nesa C.P. e non coñece o sucedido. Nesa Comisión Permanente tratouse un tema que tiña que ver con dúas materias que están inmersas nun recurso de alzada e polo tanto prefire absterse. Tamén indica que a dirección do Departamento implicado neste tema non enviou una proposta de horarios porque entendía que esa non é una labor do Departamento. Estase a falar de diferentes opción de horarios pero esas alternativas non as recibiron nin os coordinadores das materias nin él mesmo (como director do Departamento) e esto quere que figure na Acta de hoxe.

Carlos de Miguel opina que non se pode abrir un debate sobre un punto de un acta de una reunión anterior, que xa se celebrou. Ademais o profesor que está a opinar sobre a mesma acaba de manifestar que non estivo presente.

Carlos Ferro manifesta que non está a facer ningunha alegación á Acta anterior, solamente por de manifestó a súa intención de absterse.

Sen máis consideracións sobre as actas traídas para a súa aprobación, quedan **APROBADAS** con 11 votos a favor e 1 abstención.

#### Punto 2:

##### **Informe do Decano.**

1. Esta Facultade debe felicitarse polo interés mostrado pola Ministra de Economía en vir a nosa Facultade a ter un coloquio cos/as nosos/as alumnos/as.
2. Lembra que o próximo 27 de setembro celebrárase un acto conmemorativo do 30 aniversario do noso Centro.
3. E por último informa de que convoca eleccións para Decano, a próxima semana saírá a convocatoria e, a finais de mes, principios de novembro, celebráranse as eleccións. O decano quere agradecer a tódolos membros desta Comisión a colaboración mostrada e a súa participación na mesma.

#### Punto 3:

##### **Aprobación, se procede, de solicitudes de matrícula parcial.**

O Decano explica cada un dos casos que se traen a esta sesión para a súa aprobación (todos por motivos laborais)

**APROBÁNSE** por asentimento.

#### Punto 4:

##### **Rogos e preguntas.**

Non hai ningún

Ás 16:54 horas remata esta Comisión Permanente.



PROPOSTA DE ACTA DA COMISIÓN  
PERMANENTE DA FACULTADE DO  
22/09/2021

---

O Presidente  
*Jorge Falagán Mota*

O Secretario  
*Pedro Lorenzo Alonso*